

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 28 DE NOVEMBRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilamarín para a execución da obra de acondicionamento das captacións e mellora do abastecemento ao parque empresarial e o núcleo da Ría, Vilamarín (Ourense), clave OH.232.818, por importe total de cento noventa e nove mil novecentos corenta e seis euros con un céntimo (199.946,01 €), tramitado como anticipado de gasto.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020, por un importe de novecentos cincuenta e un mil trescentos vinte e tres euros (951.323 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre o Ministerio de Cultura e Deporte e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, para a mellora da dotación bibliográfica das bibliotecas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de cincocentos cincuenta mil euros (550.000 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela relativo á unidade docente de enfermaría obstétrico-xinecolóxica, por un importe de catrocentos oitenta e oito mil catrocentos euros (488.400 €).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga para o ano 2020 do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña para o desenvolvemento do Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo. Importe:

douscentos trinta e cinco mil dezanove euros con trinta e sete céntimos (235.019,37 €).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a encarga a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (Tragsatec) para a realización dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2020, por un importe total de sete millóns douscentos vinte e cinco mil trinta e oito euros con trinta e nove céntimos (7.225.038,39 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre o acordo entre a Xunta e a Fegamp para a mellora da cobertura de comunicacións móbiles no rural galego.
- Informe sobre as posibles solucións para abordar o pago íntegro da débeda de 700 millóns de euros

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria dos programas Galicia Emprega para o ano 2020 (Emprega Muller, Emprega Xuventude, Emprega Parados de Longa Duración e Emprega Inclusión).

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Informe sobre a proposta da oferta de emprego público da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o ano 2020.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a resolución da orde de axudas ás organizacións de produtores pesqueiros.

**A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILAMARÍN PARA OPTIMIZAR O SERVIZO DE ABASTECIMENTO NO PARQUE EMPRESARIAL E NOS NÚCLEOS DAS QUINTÁS E A RÍA, NA PARROQUIA DE SAN VICENTE DE REÁDEGOS**

- ***A Consellería de Infraestruturas asumirá o 82,6% do seu custo cun investimento de máis 165.000 euros e o Concello disporá o 17,3% restante, preto de 35.000 euros***
- ***Nas vindeiras semanas o organismo hidráulico da Xunta de Galicia iniciará a contratación das obras para acometelas no 2020, disporán dun prazo de execución de 4 meses***
- ***Para lograr a mellora do abastecemento na zona empresarial executarase un novo colector e procederase á substitución do existente na zona da Ría, preverase ademais o acondicionamento das captacións existentes no municipio***
- ***A colaboración técnica e financeira do Goberno galego para reforzar o seu apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración incrementarase no 2020 nun 10%, ata acadar os 100 millóns de euros***
- ***Desde o 2009, a Xunta ten investido máis de 1.100 millóns de euros en obras hidráulicas, 350 actuacións de saneamento en máis de 165 concellos e 300 de abastecemento en 186, e 45 depuradoras que dan servizo a 1,7 millóns de cidadáns***
- ***O traballo do Goberno galego permite que máis de 3,3 millóns de habitantes dispoñan destes servizos, que o 90% das aglomeracións urbanas cumpran a norma europea e que hoxe o 76% das masas de auga das rías estea en bo estado***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de aprobar na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira co Concello de Vilamarín, co fin de levar a cabo o acondicionamento das captacións e a mellora do abastecemento ao parque empresarial e aos dous núcleos das Quintás e da Ría, na parroquia de San Vicente de Reádegos, cun investimento que rolda os 200.000 euros.

O Executivo autonómico autoriza así a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade á contratación das obras para optimizar o servizo de abastecemento municipal que, a través de Augas de Galicia, asumirá o 82,6% do investimento cunha achega de máis 165.000 euros, dos cales corresponde ao Concello o restante 17,3%, preto de 35.000 euros.

Nas vindeiras semanas o organismo hidráulico da Xunta iniciará o proceso de licitación das obras, para poder acometelas no ano 2020. A intervención dispón dun prazo de execución de 4 meses, desde o seu inicio.

Para lograr a mellora do abastecemento da zona empresarial de Vilamarín e dos núcleos das Quintás e da Ría, desde a Xunta propónse a execución dun novo colector, no caso do parque empresarial, e a substitución do existente na zona da Ría. Ademais, recóllese no proxecto o acondicionamento das captacións existentes no concello.

Con estas actuacións darase servizo a unha poboación equivalente de 76 habitantes no ano horizonte 2041.

### **Situación actual e intervencións técnicas**

As actuacións programadas atenden en cada caso as distintas problemáticas estudadas nas infraestruturas municipais de abastecemento no municipio ourensán, e as solucións adáptanse para resolver as necesidades das distintas zonas.

Actualmente, o parque empresarial de Vilamarín ten dúas formas de subministración, unha do depósito de Vilamarín e de Bouzas, con captacións deficitarias que provocan subministración insuficiente en época estival, e outra no depósito da Pena que pola súa vez se nutre do de Moure, no veciño concello de Coles.

Para mellorar ese sistema de abastecemento no parque empresarial, executarase unha tubaxe de PVC de 140 milímetros que conectará co ramal que vén do depósito da Pena e que pola súa vez conectará co ramal que abastece o parque desde o depósito de Bouzas. Trátase así de formar unha rede pechada en anel que establezca o caudal e a presión, e que posibilite tamén ter a opción de encher o depósito de Bouzas no caso de deficiencias.

Ademais, nesta intervención, Augas de Galicia prevé a execución dunha nova arqueta de cabeceira xunto á existente e da que partirá o ramal existente, que discorrerá por camiños ata chegar a un punto de conexión xunto á N-525. Nese punta da estrada instalarase unha segunda arqueta, na cal se colocan as válvulas de comporta necesarias para regular a interconexión das redes.

Os traballos previstos nos núcleos das Quintás e da Ría permitirán por solución aos problemas de abastecementos que veñen derivados polo mal estado en que se atopa o colector que conecta o depósito radicado en San Vicente de Reádegos, do cal se abastecen.

Aquí, as obras prevén a substitución do colector existente por un novo de preto de 1,6 quilómetros de lonxitude e a substitución dos ramais necesarios para abastecer as vivendas pertencentes a eses núcleos. Tamén se instalarán válvulas reductoras de presión e, no interior de pozos de rexistro, instalaranse ventosas nos puntos altos, baleirados nos puntos baixos, así como válvulas de comporta e bocas de rega.

Finalmente, a intervención permitirá tamén corrixir a situación actual do concello de Vilamarín, que se abastece dunha serie de captacións que non dispoñen de ningún sistema que impida o acceso a elas. Para iso, acondicionaranse as captacións existentes mediante a roza e cerramento perimetral destas, con dúas filas de bloque de formigón e malla metálica. Para o acceso colocaranse portas de 3 metros de ancho total.

### **Reforzo e apoio aos concellos**

Con estas intervencións, o Goberno galego segue a amosar a súa vontade de seguir mantendo o apoio aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Esta colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos ponse de manifesto ademais nos orzamentos de 2020, que incrementan nun 10% as partidas para reforzar o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración, ata acadar os 100 millóns de euros.

Desde 2009, a Xunta investiu máis de 1.100 millóns de euros en obras hidráulicas, realizando máis de 350 actuacións de saneamento que beneficiaron máis de 165 concellos, e 300 de abastecemento en 186 concellos. Tamén se construíron 45 depuradoras con capacidade para dar servizo a 1,7 millóns de cidadáns.

Este traballo do Goberno galego ten permitido estender os servizos de saneamento e depuración ata chegar a máis de 3,3 millóns de habitantes equivalentes fronte ao 1,8 millóns de 2009; que o 90% das aglomeracións urbanas cumpran coa directiva europea fronte ao 50% no 2007, e que hoxe o 76% das masas de auga das rías estea en bo estado, 10 puntos máis que hai 10 anos.

## **EDUCACIÓN ELEVA A 4,2 M€ O APOIO Á ACTIVIDADE INVESTIGADORA DA UDC TRAS REFORZAR A PARTIDA ORZAMENTARIA DO VINDEIRO ANO 2020**

- ***O Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dunha addenda de preto de 1 millón de euros, que supón incrementar as partidas de todas as accións estratéxicas de I+D+i recollidas no convenio coa UDC***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional eleva ata 4,2 millóns de euros o apoio á actividade investigadora da Universidade da Coruña para o período 2019-2020, preto dun millón de euros máis do previsto inicialmente.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta addenda -por un importe de 951.323,00 euros- ao convenio de colaboración asinado o pasado xullo entre a Consellería de Educación e a UDC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, e que estaba inicialmente dotado con 3.238.609,00 euros. Con este reforzo, a contía final total dese convenio ascenderá a 4.189.932 euros.

A addenda aplicarase para o ano 2020, polo que se reestruturan á alza todas as accións previstas no convenio para ese ano, ao dispor agora dunha cantidade de 2.372.980 €, fronte á dotación inicial de 1.421.657 € para o vindeiro exercicio.

Así, a contía máis elevada é a destinada á mellora de edificios, instalacións e equipamentos en xeral (cunha partida de 550.000 euros fronte aos 250.000 inicialmente previstos); o equipamento científico e tecnolóxico (elévase a case 526.000 euros fronte aos algo máis de 285.000 iniciais); a renovación tecnolóxica (agora con 390.000 euros fronte a 240.000); o reforzo do capital humano (cun orzamento que pasa dos case 74.000 aos 190.000 euros); a internacionalización e posta en valor de liñas de especialización (con 190.000 euros, 40.000 máis ca os inicialmente previstos); e os recursos docentes, aos cales se destinará agora unha partida de 35.000 euros e que no convenio inicial carecía de dotación.

### **Antecedentes**

O convenio asinado en xullo, que agora se reforza, tiña como obxectivo o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

As actuacións previstas xiraban arredor de catro principais eixes: a rehabilitación e mellora das instalacións e equipamentos; o equipamento científico-tecnolóxico; a especialización da docencia e a investigación nas áreas da industria intelixente, a sustentabilidade e a innovación; e o reforzo do Programa de centros de investigación e posicionamento e internacionalización das unidades de investigación.

Este investimento en apoio ás accións estratéxicas da Universidade da Coruña en I+D e na consolidación da especialización dos seus campus da Coruña e de Ferrol supón un

importante reforzo a axendas de especialización, formación e investigación como vía para dar resposta aos novos retos.

## **A XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DE CULTURA E DEPORTE MELLORAN A DOTACIÓN DE FONDOS DAS BIBLIOTECAS GALEGAS CUNHA ACHEGA DE 550.000 EUROS**

- ***O consello da Xunta de Galicia aprobou a sinatura dun convenio entre ambas as administracións que permitirá a adquisición de obras en soporte analóxico***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a subscrición dun convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Cultura e Deporte por importe de 550.000 euros para a adquisición de fondos bibliográficos en soporte analóxico por parte das bibliotecas públicas radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de mellorar a súa dotación.

As achegas recibidas polas bibliotecas destinaranse á adquisición de obras de todos os xéneros, de xeito que o 50% das publicacións sexan de narrativa e o 50% restante se distribuirá entre os xéneros de poesía, ensaio, teatro e banda deseñada.

A Consellería de Cultura e Turismo achegará a cantidade de 275.000 euros e o Ministerio de Cultura e Deporte achegará outros 275.000 euros, o que supón un investimento total de 550.000 euros. Esta cifra promove a realización de medidas encamiñadas á promoción das bibliotecas de Galicia como servizos culturais que garanten o dereito da cidadanía para acceder en condicións de igualdade á cultura, lectura, información e coñecemento.

Nomearase unha comisión de seguimento formada por catro membros designados polas partes que subscriben o convenio. A representación do Ministerio de Cultura e Deporte estará integrada pola subdirectora xeral de Coordinación Bibliotecaria e polo xefe da Área de Planificación Bibliotecaria. Actuarán en representación do Consello de Cultura e Turismo a subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro e a xefa do Servizo do Sistema de Bibliotecas.

O convenio será eficaz tras a súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal e a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, e estará vixente ata o 31 de decembro de 2019.

### **Apoio ás bibliotecas galegas**

Este convenio súmase ao traballo realizado pola Xunta, que convocou esta ano dúas liñas de subvencións dirixidas ás administracións locais titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas: unha para a adquisición de novidades editoriais en galego en formato físico e outra para a mellora das coleccións bibliográficas. Tamén se establece anualmente un programa de adquisicións, actualización e mellora das coleccións bibliográficas e documentais das seis bibliotecas de xestión autonómica e de titularidade estatal.

A primeira liña de axudas, destinada a subvencionar a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, conta cunha dotación orzamentaria de 250.000 euros. O obxectivo deste programa é ofrecer aos usuarios estas novidades editoriais no momento da súa



entrada no mercado, mediante un proceso de compra de libros en formato físico a cargo das entidades locais.

O segundo programa, dedicado á mellora das coleccións bibliográficas, alcanza un importe total de 400.000 euros e ten como finalidade actualizar as coleccións para que as bibliotecas planifiquen as adquisicións de novidades editoriais. O obxectivo deste proxecto é incrementar a oferta e o servizo aos usuarios destes centros, atendendo de forma especial ás campañas de verán e Nadal, nas cales se incrementa a demanda deste servizo de xeito exponencial.

Ademais destas dúas liñas de subvencións, a Xunta inviste 250.000 euros nas seis bibliotecas de xestión autonómica, entre as que se atopa a de Ourense, que abrirá nas vindeiras semanas as súas portas no Complexo de San Francisco, e outros 100.000 euros no programa Galicia Le, a plataforma de préstamo de obras en formato electrónico. Unha vez sumada a achega do convenio, a Administración autonómica está a investir máis dun millón de euros.

## **O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COLABORAN NA FORMACIÓN DE MATRONAS**

- ***O Sergas chegará preto de medio millón de euros para financiar o programa formativo teórico e de coordinación da unidade docente de enfermaría obstétrico-xinecolóxica, a repartir en catro anos***
- ***A capacidade desta unidade docente é de 20 prazas acreditadas***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para garantir o desenvolvemento do Programa de formación da especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona), así como a coordinación do funcionamento da Unidade Docente de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica de Galicia.

A través deste convenio preténdese proporcionar aos e ás residentes de enfermaría obstétrico-xinecolóxica unha formación integral, completa e adaptada á realidade actual desde un punto de vista técnico, profesional e social e aos cambios que se poidan producir durante o seu período de formación.

Para levar a cabo este programa, o Servizo Galego de Saúde vai investir un total de 488.400 euros que se repartirán durante catro anos, desde 2019 ata o 2022 incluído, a razón de 122.100 euros anuais. Este convenio de colaboración poderá ser prorrogado por outros catro anos. Ata o de agora, a renovación do convenio era de carácter anual.

Con este acordo, o Sergas asume a titularidade da Unidade Docente de Enfermaría Obstétrico-Xinecolóxica de Galicia, que conta con 20 prazas acreditadas. A oferta anual de prazas será formulada polo Servizo Galego de Saúde, tendo en conta a capacidade docente da unidade, a dispoñibilidade orzamentaria e a demanda estimada de profesionais.

Para o desenvolvemento da súa actividade, a unidade docente contará cos dispositivos asistenciais de atención primaria e atención hospitalaria pertencentes ao Sergas. Neles, desenvolverase a actividade asistencial práctica dos futuros especialistas. Será na USC onde se levará a cabo a formación teórica da especialidade.

## **A XUNTA DESTINA 235.000 EUROS AO PROGRAMA DE ATENCIÓN TERAPEÚTICA A MENORES EN RISCO DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

- ***Con este acordo o programa estenderá a súa vixencia ao longo de todo o 2020 e atenderá 290 menores en garda ou tutela da Administración autonómica***

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar o visto e praxe a un convenio de colaboración coa Fundación Universidade da Coruña para continuar desenvolvendo o Programa de avaliación e tratamento terapéutico para menores en situación de risco ou desamparo. Coa autorización deste novo acordo, o programa estenderá a súa vixencia ao longo de todo o 2020 e mantense o incremento orzamentario que se introduciu o ano pasado, ata chegar aos 235.000 euros.

Esta proposta, que está moi valorada polos técnicos de menores, atenderá 290 nenas, nenos e adolescentes en garda ou tutela da Xunta de Galicia ou baixo medidas xudiciais, que presentan importantes desaxustes emocionais por sufrir desprotección ou maltrato, por terse separado da súas familias ou porque no seu fogar existisen dificultades de convivencia severas ou cronicadas.

Trátase dunha rede de terapeutas cunhas directrices e metodoloxía comúns, supervisada pola Fundación Universidade da Coruña, que ten tres puntos de atención nas sete cidades galegas. A estes terapeutas poden acudir tanto os propios menores como as súas familias biolóxicas e acolledoras, así como os profesionais que traballan con eles.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 7,2 MILLÓNS DE EUROS NO 2020 PARA AS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO GANDEIRO E OUTROS CONTROIS SANITARIOS NAS EXPLOTACIÓNS**

- ***Perséguese manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e limpeza de vehículos***
- ***Galicia está declarada como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina, mentres que a provincia de Pontevedra foi declarada oficialmente indemne de tuberculose bovina***
- ***O esforzo continuado dos gandeiros galegos e as medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe destinar algo máis de 7,2 millóns de euros ao longo do ano 2020 ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa comunidade.

Estes fondos destinaranse a sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas nas cales se detectan animais enfermos, e dos vehículos de transporte das reses. O desenvolvemento destes programas nacionais de erradicación ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, e así poder levar a cabo unha comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Ademais, tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina, o obxectivo agora é acadar a mesma declaración, canto antes, para a tuberculose bovina. Neste contexto, a provincia de Pontevedra xa está declarada como oficialmente indemne desta enfermidade que, no conxunto de Galicia, a súa prevalencia bovina segue a ser das máis baixas do territorio peninsular español, cun 0,05% no ano 2018 fronte outras comunidades como Andalucía (12,34%), Castilla-La Mancha (10,35%) ou Extremadura (9,75%).

Neste senso, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos, que revaloriza os produtos alimentarios galegos de orixe animal, á vez que ofrece garantías á poboación e aos consumidores.

## **A XUNTA PON EN MARCHA UNHA ACTUACIÓN PARA MELLORAR A COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL NO RURAL**

- ***A Administración autonómica investirá ata 5 millóns de euros públicos nesta iniciativa***
- ***Nos vindeiros días está previsto asinar un convenio marco coa Federación Galega de Municipios para facilitar aos concellos á adhesión a iniciativa, a partir de decembro***
- ***As entidades locais presentarán un proxecto que inclúa cesión dun terreo adecuado para a instalación das infraestruturas de telecomunicación***
- ***A previsión é a adxudicar o proxecto a operadores no verán de 2020, tras unha convocatoria pública en concorrencia competitiva***
- ***O obxectivo é completar a construción dos emprazamentos en dous anos***
- ***Desta actuación poderán beneficiarse núcleos de ata 118 concellos do ámbito rural nos que se ten detectado algún problema coa cobertura móbil***
- ***A Comunidade concentra o 40% dos núcleos rurais do conxunto do Estado, a maioría dos cales teñen menos de 100 habitantes***
- ***A pesar diso, o impulso público aos despregamentos, permitiron que Galicia sexa a terceira rexión con mellor cobertura de 4G***

A Xunta pon en marcha un proxecto de mellora das comunicacións móbiles no rural cun investimento público de ata 5 millóns de euros. A Administración autonómica desenvolverá esta iniciativa en colaboración coa Federación Galega de Municipios (FEGAMP) e a través dun acordo marco que está previsto asinar nos vindeiros días. Así se recolle nun informe elevado hoxe ao Consello da Xunta pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Unha vez asinado o convenio marco coa FEGAMP abrirase un prazo para que os concellos soliciten participar nesta iniciativa. As entidades locais interesadas en adherirse deberán presentar un proxecto, que inclúa a posta a disposición dun terreo adecuado segundo criterios técnicos para a instalación das infraestruturas de telecomunicación e comprometerse a abordar a acometida eléctrica, para o que solicitar unha axuda máxima de 30.000€.

Aqueles concellos que cumpran cos requisitos (ter deficiencias en comunicacións móbiles, en base ao mapa de cobertura elaborado pola Amtega en colaboración co Colexio de Enxeñaría de Telecomunicacións de Galicia) integraranse nun proxecto, que se desenvolverá a través dunha encomenda ao operador público Retegal para a construción das torres e unha convocatoria pública a operadores en concorrencia competitiva.

O seguinte paso será a adxudicación do proxecto, prevista para finais do primeiro semestre do 2020 co obxectivos de completar a construción da totalidade das torres nun prazo de dous anos.

Desta actuación poderán beneficiarse núcleos de ata 118 concellos do ámbito rural nos que se ten detectado algún problema coa cobertura móbil. A maioría destes núcleos teñen menos de 10 habitantes pero algúns deles rexistran gran circulación de persoas ao tratarse de destinos turísticos ou zonas situadas no Camiño de Santiago.

### **A Xunta busca solucións**

Cómpre lembrar que mentres para conexión a internet existen diferentes tecnoloxías alternativas (fibra, wimax, satélite...) no caso da cobertura móbil non hai alternativa ás redes móbiles, que permitan realizar chamadas de voz en mobilidade.

A Xunta pon en marcha esta iniciativa tras solicitar reiteradamente ao Estado a inclusión da cobertura móbil dentro do servizo universal de telecomunicacións para que, ademais do actual dereito de conexión fixa de internet de 1Mbps e de telefono fixo, os cidadáns poidan ter dereito á cobertura de móbil, en condicións previamente estipuladas.

Ante a falta de efecto destas peticións por parte do Goberno autonómico, a Xunta buscou solucións alternativas e, tras reunirse coa Comisión Europea para garantir a adecuación desta actuación a normativa europea, pon en marcha esta iniciativa, semellante á outras que están a levar a cabo en Italia e que tamén están a analizar en Alemaña.

### **O 90% dos galegos con acceso a internet de 100Mbps en 2021**

A mellora da cobertura de internet foi una das prioridades do Goberno galego que entre 2010 e 2020 terá investidos 185 millóns de euros de fondos públicos nos dous Plans de banda larga que se puxeron en marcha nesta década.

A finais de 2018 e segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Economía e Empresa, máis do 99% dos galegos dispoñen de acceso a internet a través de redes fixas e sen fíos. Ademais, o 61,5% dos galegos poden acceder a redes de máis de 100Mbps.

Actualmente, o obxectivo da Xunta é incrementar a porcentaxe de galegos con acceso a redes ultrarrápidas. Para conseguilo puxo en marcha varias actuacións, que sumadas ás do Estado permitirán que o 90% dos galegos teñan acceso a internet de 100Mbps en 2021.

Ademais, o Plan dotou de acceso a internet de máis de ata 350 Mbps a 81 e polígonos que contan con máis de 1.750 empresas e outras 80 de zonas illadas se beneficiaron de axudas directas para poder acceder a redes ultrarrápidas.

## **A XUNTA PIDE AO GOBERNO CENTRAL UN MECANISMO DE FINANCIAMENTO QUE PERMITE ÁS CC.AA. INGRESAR ANTES DE FIN DE ANO O IVE DE 2017**

- ***O Goberno galego solicitará ao Grupo Parlamentario Popular que presente unha proposición non de lei para que o Estado transfira os 200 millóns do IVE pendente***
- ***A día de hoxe o Goberno central retén o IVE das AA.PP. e négase a aboar a Galicia os incentivos polo bo desempeño fiscal***
- ***Por iso, tamén demanda que se aborde nun CPFF urxente unha solución específica para pagar os 170 millóns de incentivos a Galicia***

O Goberno galego reclama ao Goberno central que habilite o financiamento preciso para compensar, antes de que remate este ano, as cantidades de IVE que as CC.AA. deputacións e entidades locais non están percibindo debido ao cambio normativo do ano 2017.

Esta proposta plantéxase perante a constatación de que o Goberno central semella ter decidido non adoptar a vía do Decreto-Lei para aboar esta débeda ás CC.AA. Outra alternativa sería que o Executivo central se endebedase de maneira transitoria pola cantidade de IVE e que transferise esa cantidade ás AA.PP. antes de que remate o ano.

Estas alternativas recóllense nun informe presentado ao Consello polo titular de Facenda, Valeriano Martínez, no que se sinala que, coa esta solución por parte do Estado, Galicia podería recibir antes de finais de ano os 200 millóns de euros que se lle adebedan polo IVE do mes de decembro de 2017.

A formulación do Goberno galego é solicitar ao Grupo Parlamentario Popular que presente de maneira urxente no Parlamento unha proposición non de lei que inste ao Goberno central a adoptar esta medida para garantir o pago do IVE no presente ano 2019.

Hai que lembrar que dos 700 millóns de euros que adebedaba o Estado a Galicia, tan só se compromete a ingresar os 334 pola actualización das entregas a conta. Desta forma, a día de hoxe o Goberno central retén os 200 millóns pola mensualidade referida do IVE e négase a aboar a Galicia os 170 millóns polo bo desempeño fiscal da comunidade autónoma no exercicios 2017 e 2018).

En canto ao incentivo, do que o Goberno central tan só di que é unha medida potestativa, a Xunta de Galicia entende que ten que ratificar este pago, pois esta transferencia non pode depender da cor política do Goberno de quenda.

Neste senso, o Executivo galego pide que no Consejo de Política Fiscal y Financiera, que urxe convocar –tras 16 meses sen facelo- se inclúa na súa orde do día un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

No informe, o Goberno galego demanda a mesma lealdade institucional do Goberno central que a que está exercendo o Executivo autonómico, pois lembra que mentres o Estado retén recursos dos galego, a Xunta está pagando desde o ano 2010 as liquidacións negativas, ano a ano, e por importe de 2.200 millóns de euros, que deixou a deber o anterior Goberno bipartito.



## **GALICIA EMPREGA APOIARÁ A FORMACIÓN E A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 1.100 MULLERES, PARADOS DE LONGA DURACIÓN, MOZOS E PERSOAS DISCAPACITADAS**

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocará, por anticipado de gasto, este programa, no cal en 2020 investirá 10.542.956 euros, un 12% máis ca este ano, para fomentar o emprego na Comunidade***
- ***Inclúe catro liñas de axudas nas cales cada contrato se asocia á posibilidade de mellorar a formación impulsando deste xeito a contratación dual en catro dos colectivos con máis dificultades para acceder ao mercado laboral***
- ***O Bono Formación oscila entre os 2.000 € e os 4.000 €, mentres que os incentivos á contratación poden alcanzar os 16.000 euros, incrementándose no caso de que sexa unha empresa con máis de 50 traballadores e cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 70%, se o centro de traballo está situado nun concello rural, ou no caso de mulleres, maiores de 45 anos ou emigrantes retornados***
- ***Emprega Muller, cun orzamento de 4,3 M€ -un millón máis ca na convocatoria anterior- é o que contará cun maior investimento para favorecer o emprego feminino***
- ***Desde 2015, máis de 7.300 traballadores destes colectivos prioritarios téñense beneficiado das axudas para o fomento da contratación, grazas a un investimento total de 29,3 millóns de euros***

A Xunta de Galicia convocará, por anticipado de gasto, o programa Galicia Emprega, un programa co que apoiará o próximo ano a formación e a contratación de máis de 1.100 mulleres, parados de longa duración, mozos e mozas e persoas discapacitadas ou en risco de exclusión, para impulsar, deste xeito, o traballo nos colectivos con máis dificultades para atopar un emprego, un dos retos principais da Axenda 20.

Galicia Emprega contará cun orzamento de 10,5 millóns de euros -un 12% máis ca na convocatoria deste ano- para fomentar o traballo na Comunidade. Trátase de favorecer os contratos asociados sempre á posibilidade de mellorar a formación. Inclúe catro liñas de axudas -Emprega Muller, Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social, Emprega Parados de Longa Duración e Emprega Xuventude-. Impúlsase, deste xeito, a contratación dual en catro dos colectivos prioritarios da Xunta á hora de acceder ao mercado laboral.

Por unha banda, apóianse cun bono formación os traballadores e traballadoras para que poidan responder ás necesidades formativas do tecido empresarial e, por outra, ofrécense incentivos á contratación ás empresas impulsando a contratación indefinida ou inicial cunha duración mínima de 12 meses a xornada completa.

Con respecto ao Bono Formación, nos catro programas incentívase con 2.000 euros a cualificación dos traballadores que son contratados de xeito inicial por 12 meses para que

reciban unha formación mínima de 50 horas. Se o contrato é indefinido, o bono incrementase ata os 4.000 euros e a formación mínima terá que acadar as 70 horas.

En canto aos incentivos á contratación, as contías varían segundo o programa e poden alcanzar os 16.000 euros. Ademais, aumentan nun 25%, segundo a liña, para aquelas empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras pertencentes a sectores estratéxicos que teñan unha taxa de estabilidade nos seus cadros de persoal do 70%, no caso de que o centro de traballo estea situado nun concello rural, ou se as persoas incorporadas son mulleres, maiores de 45 anos ou emigrantes retornados.

### **Catro liñas**

Emprega Muller é a liña dotada cun maior orzamento dentro do Galicia Emprega, con 4,3 millóns de euros -un millón máis ca na pasada edición- para impulsar a formación e a contratación de 405 persoas. As axudas mínimas para os contratos indefinidos son de 12.000 euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social con incentivos de 8.000 euros para a contratación inicial deste colectivo e de 16.000 euros para os contratos indefinidos. A previsión de beneficiarios é de 185 persoas. O orzamento deste programa ascende a máis de 2,2 millóns de euros.

No caso de Emprega Parados de Longa Duración (2 M€), as axudas para a contratación de 12 meses suman como mínimo 5.000 euros, incrementándose ata os 10.000 euros se se trata dun contrato indefinido. O obxectivo é contratar 175 persoas.

En Emprega Xuventude (2 M€), as contías para os contratos dun ano de duración serán de 3.000 euros e acadarán o dobre (6.000 €) no caso de contratos indefinidos. Estímase un número de beneficiarios de 365 menores de 30 anos.

Os incentivos á contratación constitúen un dos mecanismos da Administración autonómica para estimular a incorporación de novas persoas traballadoras aos cadros de persoal das empresas galegas. Galicia Emprega enmárcase dentro da Axenda 20, a folla de ruta que está impulsando na Comunidade o emprego estable e de calidade con medidas, como este programa, que favorecen o incremento das oportunidades laborais e a redución do desemprego. Desde o ano 2015, este tipo de medidas permitiron apoiar a contratación de máis de 7.300 traballadores destes catro colectivos prioritarios, cun investimento de 29,3 M€.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN CONVOCARÁ EN 2020 AS OPOSICIÓN CON MAIOR NÚMERO DE PRAZAS DA HISTORIA**

- ***Haberá prazas nun total de 88 especialidades, das cales 30 levan máis dunha década sen convocarse***
- ***Por primeira vez en 12 anos farase unha forte aposta polas prazas de catedráticos, co fin de permitir que o profesorado acade o cumio da carreira profesional docente***
- ***Multiplícanse por catro as prazas de ingreso no corpo de profesores técnicos de FP respecto da OPE máis ampla ata o momento, co fin de dar resposta ás necesidades do sistema***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocará no 2020 as oposicións con maior número de prazas da historia, con 3.654, o que supera nun 17% a cifra da oferta pública de emprego (OPE) docente máis ampla ata o momento, a do ano 2007. Así se reflicte no informe analizado hoxe no Consello da Xunta de Galicia sobre a oferta de prazas que se presentará nos próximos días na mesa sectorial co fin de axilizar a aprobación neste órgano desta oferta e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* antes da fin de ano.

O motivo de adiantar este trámite indispensable a 2019 (aínda que a convocatoria se publicará no 2020) é aproveitar para os obxectivos de estabilización a conxuntura actual de certeza no referido á taxa de reposición que achega o artigo 19.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. A norma establece que as administracións (oferta docente, entre outras) poderán dispor dunha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá ata o 90 por cento das prazas que, estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016. As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización deberanse aprobar e publicar nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2019 e serán coordinadas polos departamentos ministeriais competentes.

Polo tanto, e para que Galicia continúe co proceso de estabilización docente aberto e siga sendo a Comunidade Autónoma con menor taxa de interinidade do Estado, é preciso aprobar a OPE de acordo coa devandita normativa antes da fin deste ano. Máis diante da incerteza política e económica a nivel estatal, que podería obstaculizar unha convocatoria no 2020 pola falta de orzamentos xerais do Estado. O obxectivo con esta acción é acadar unha interinidade do 5% no ano 2020.

A proposta da OPE que se lles presentará nos vindeiros días ás organizacións sindicais que compoñen a Mesa Sectorial do Ensino Non Universitario está composta por 3.654 prazas, das que 2.036 son de ingreso e 1.618 son de promoción interna.

Haberá oferta nun total de 88 especialidades, das que 30 (marcadas en verde no seguinte cadro) levan máis dunha década sen convocarse:



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Corpo de mestres	Corpo de ensino secundario	Corpo de profesores técnicos de FP	Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas	Corpo de profesores de música e artes escénicas	Corpo de profesores de artes plásticas e deseño
1. Educación infantil 2. Lingua estranxeira: inglés 3. Lingua estranxeira: francés 4. Educación física 5. Música 6. Pedagogía terapéutica 7. Audición e linguaxe 8. Educación primaria	1. Filosofía 2. Grego 3. Latín 4. Lingua castelá e literatura 5. Xeografía e historia 6. Matemáticas 7. Física e química 8. Bioloxía e xeoloxía 9. Debuxo 10. Francés 11. Inglés 12. Educación física 13. Orientación educativa 14. Tecnoloxía 15. Lingua galega e literatura 16. Economía 17. Administración de empresas 18. Análise e química industrial 19. Asesoría e procesos de imaxe persoal 20. Formación e orientación laboral 21. Hostalaría e turismo 22. Informática 23. Navegación e instalacións mariñas	1. Cociña e pastelería 2. Equipos electrónicos 3. Estética 4. Fabricación e instalación de carpintería e moble 5. Instalacións e mantemento de equipos térmicos e fluídos 6. Instalacións electrotécnicas 7. Laboratorio 8. Mantemento de vehículos 9. Máquinas, servizos e produción 10. Mecanizado e mantemento de máquinas 11. Operacións e equipamentos de elaboración de produtos alimentarios 12. Operacións de produción agraria 13. Patronaxe e confección 14. Peiteado 15. Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico 16. Procedementos sanitarios e asistenciais 17. Procesos comerciais	1. Alemán (oposición libre) 2. Inglés (libre e acceso A1-A1) 3. Francés (acceso A1-A1)	1. Acordeón 2. Clarinete 3. Fagot 4. Gaita 5. Óboe 6. Saxofón 7. Trompa 8. Tuba 9. Viola 10. Violonchelo 11. Danza clásica 12. Danza contemporánea 13. Linguaxe musical	1. Debuxo artístico e de cor 2. Deseño de interiores 3. Deseño de moda 4. Deseño gráfico 5. Fotografía 6. Volume

24. Organización e xestión comercial	18. Procesos de xestión administrativa			
25. Organización e procesos de mantemento de vehículos	19. Producción de artes gráficas			
26. Organización e proxectos de fabricación mecánica	20. Servizos á comunidade			
27. Organización e proxectos de sistemas enerxéticos	21. Servizos de restauración			
28. Procesos na industria alimentaria	22. Sistemas e aplicacións informáticas			
29. Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	23. Soldadura			
30. Procesos sanitarios	24. Técnicas e procedementos de imaxe e son			
31. Procesos e medios de comunicación				
32. Procesos e produtos de téxtil, confección e pel				
33. Procesos e produtos en artes gráficas				
34. Procesos e produtos en madeira e moble				

### Prazas por corpos

Por corpos, a distribución de prazas será a seguinte:

	Ingreso	Promoción interna (A2-A1)	Total
Mestres	747		747
Profesores de ensino secundario	781	260	1.041
Profesores técnicos de FP	363		363
Profesores de escolas oficiais de idiomas (EOI)	30	38 (cambio de corpo A1-A1)	68
Profesores de música e	85		85

artes escénicas			
Profesores de artes plásticas e deseño	30	10	40
Catedráticos de ensino secundario (carreira profesional)		1232	1232
Catedráticos de EOI (carreira profesional)		50	50
Catedráticos de Artes Plásticas e Deseño (carreira profesional)		18	18
Inspectores de educación		10	10
<b>TOTAIS</b>	<b>2.036</b>	<b>1.618</b>	<b>3.654</b>

### Salto de calidade

Comparados os datos coa OPE de 2007, a máis ampla ata o momento, cómpre salientar varios saltos de calidade. Por primeira vez en 12 anos farase unha forte aposta polas prazas de catedráticos, co fin de permitir que o profesorado acade o cumio da carreira profesional docente. En total haberá 1.300 prazas para catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, o que supón triplicar as convocadas no 2007.

Cómpre lembrar que poder acceder a prazas de catedrático é unha reivindicación do profesorado desde hai anos, tanto pola posibilidade que ofrece de chegar ao punto máis álxido da profesión, como polos beneficios a nivel académico e salarial que supón (acceso a complementos retributivos, a xefaturas de departamento, etc).

É, ademais, especialmente significativo o incremento en profesores técnicos de FP, dando resposta ás necesidades actuais do sistema, cun total de 363 prazas de novo ingreso, o que supón multiplicar por catro as que se convocaron no 2007.

## **AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS GALEGAS BENEFÍCIANSE DE MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA ELABORAR OS SEUS PLANS DE COMERCIALIZACIÓN**

- ***O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria das achegas deste ano, con sete expedientes aprobados que supoñen un investimento global de máis de 1,6 millóns de euros***
- ***Os plans de produción elaborados polas OPP inclúen medidas que contribúen á sustentabilidade e á competitividade da actividade pesqueira***
- ***O Executivo galego destinou preto de 4 millóns de euros en axudas desde 2016 á elaboración destes programas de traballo do sector***

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2019 de axudas ás organizacións de produtores pesqueiros (OPP) para apoiar a preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización. O importe total de axudas concedidas é de máis de 1,3 millóns de euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e delas beneficianse sete organizacións de produtores pesqueiros con ámbito de actuación en Galicia.

Estas achegas, que supoñen un investimento total de máis de 1,6 millóns de euros, permiten subvencionar os investimentos realizados durante o período de execución do plan, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro 2018, así como os derivados da súa preparación. Entre os gastos subvencionables están os de persoal, material, equipamento ou desprazamentos vinculados ao desenvolvemento destes programas de traballo do sector.

Os plans de produción e comercialización das OPP inclúen, entre outros aspectos, o programa de produción para as especies capturadas ou criadas, a estratexia para adaptar a cantidade, calidade e presentación da oferta ás exixencias do mercado e medidas preventivas especiais de adaptación da oferta para as especies que presentan dificultades de comercialización durante o ano.

Ademais recollen as medidas establecidas no Regulamento da organización común de mercados de cara á sustentabilidade pesqueira. Entre outros aspectos, fomentan as actividades pesqueiras viables e sustentables, contribúen a evitar e reducir as capturas non desexadas das poboacións comerciais, á eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e a mellorar a introdución no mercado dos produtos da pesca e da acuicultura. Tamén contribúen á rastrexabilidade dos produtos da pesca, á rendibilidade económica e a reducir o impacto ambiental da pesca.

Coas axudas ao desenvolvemento destas follas de ruta das OPP, a Xunta de Galicia reflicte a súa aposta polo reforzo das estruturas destas organizacións, que contribúen a que o sector gane en competitividade. Sumando as achegas da convocatoria deste ano, a Administración galega concedeu desde 2016 preto de catro millóns de euros en axudas para a preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización.

### **Galicia e as OPP**

Galicia conta con 11 das 34 OPP existentes en España -delas oito son de ámbito autonómico galego e tres de carácter nacional e transnacional- e foi a primeira comunidade autónoma de España que publicou a convocatoria para financiar a preparación e o desenvolvemento dos plans de produción e comercialización destas entidades ao abeiro do FEMP.